

O catoirense Diego Romero suple a baixa de Ferro no Mundial de Maratón

Unha meninxite deixa fóra da selección o illense e a súa parella Óscar Graña, e priva a España dunha clara opción de ouro

Pablo Penedo | 17/9/2009

O Campionato do Mundo de Maratón iniciará mañá o comezo do final da tempada 2009 de piragüismo, que rematará o domingo coa clausura da cita que se celebra na localidade lusa de Crestuma.



A selección española de maratón buscará o que sería o seu sexto título mundial consecutivo. E faino cunha ampla nómina de efectivos, 40, con Galicia unha vez máis coma principal fonte de recursos humanos. Ata 17 palistas presentan carné deste lado do telón de grelos, sete deles orixinarios ou procedentes dos clubs de Arousa e do Baixo Ulla.

A adversidade privou a última hora o piragüismo arousán e o combinado hispano dunha das súa principais bazas para optar aos ouros en xogo. O illense Ramón Ferro ingresou o pasado domingo no Hospital do Salnés aqueixado dunha meninxite. E se ben por sorte está fóra de todo perigo, segundo explicaron desde o equipo nacional, a doenza

impídelle competir nun campionato tan esixente como o Mundial de Maratón.

Ferro e o seu inseparable compañeiro do Piragüismo A Illa Óscar Graña, vixentes subcampións mundiais de C-2, confiaban en que este ano chegara por fin o momento de desbancar o dúo húngaro Csabai-Gyore, que acumulan sete títulos consecutivos. O responsable técnico do Piragüismo A Illa e integrante do corpo técnico do conxunto hispano, Arturo Paz, tamén o cría. «Esta era a ocasión», dicía onte desde Crestuma. «A semana pasada estiveron adestrándose no circuito do Mundial, e tiñan moi boas sensacións». Ademais, chegaban á cita portuguesa coa moral alta, logo de conquistar o último Europeo da especialidade.

A baixa de Ferro e de Graña abríulle as portas ao catoirense das Torres-Romaría Vikinga Diego Romero. El e o palista do Ciudad de Pontevedra Álvaro Rodríguez serán a segunda embarcación no C-2 Sénior en Crestuma, mercede á súa condición de terceiros no último Campionato de España de Maratón. Os breoganistas David Mascato e Ángel Cristian Ribadomar convértense deste xeito na primeira opción de España para subirse ao podio da modalidade.

O programa do Mundial de Maratón abriráse mañá pola mañá coa disputa das probas individuais júnior e sub 23. O sábado será o turno dos barcos dobres júniore e máis dos individuais séniores, e o domingo pecharáse a cita coas probas dos K-2 e dos C-2 séniores.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidad local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidad nacional:

Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña en el Tomo 2438 del Archivo, Sección General, a los folios 91 y siguientes, hoja C-2141. CIF: A-15000649.